



POR  
Ramón Rozas

## O despertar dun soño

**D**ENDE O seu taller escoitase a campá do mosteiro de Armenteira, un repenicar que semella despertarnos dun soño como o de San Ero, fundador dese mosteiro, do que despertou 300 anos despois. O certo é que as obras de Leopoldo Nóvoa teñen tamén esa capacidade, a de conxelar o tempo, a de sedimentar, nese territorio construído, todo un magma que semella estar activo, aínda que na súa superficie se amose solidificado.

Toda a súa obra ten ese sentir, o do latexo interno, o da faciana hermética e silenciosa fronte ao espectador. «O silencio é, agora, a oquedade de luz dun soño morto», escribiu o poeta Xavier Seoane. Silencio, oquedade, luz, soño. Catro palabras que balizan, como un compás, o quefacer plástico de Leopoldo Nóvoa. Unha conxunción de elementos que forman parte dunha obra de longo alento, unha inmensidade pictórica que quedou sen pai fai cinco anos pero que deixou un legado inxente. Parte del, dezanove pezas, forman parte desta homenaxe en forma de exposición que se amosa no Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense ata o 16 de abril. Poden semellar poucas pero á vista da forza que cada unha desas pezas ten, son máis que suficientes para a aproximación a un pintor único na nosa paisaxe plástica, pezas que ademais son o perfecto vencillo para achegarnos ao motivo que lle dá sentido a esta convocatoria como é o propio taller do pintor entendido como espazo de creación, o ámbito dende o que o creador impulsa a súa obra cara o infinito.

O Atelier de Armenteira segue aínda alí,

como no soño do santo, chantado entre vides e leiras, entre bosques e correntes de auga, agochando no interior ese tempo detido entre a memoria e a luz. E aí é onde todavía pervive a obra de Leopoldo Nóvoa visibilizado nunha morea de cadros que son memoria a través da súa xeografía casi táctil, unha orografía do experimentado que se foi sedimentando sobre o soporte ata converterse en testemuña dun tempo e dun hombre fronte a el. Leopoldo Nóvoa nunca se afastou da súa contorna, tanto en A Armenteira como en París, os seus talleres eran unha sorte de alambique dende o que destilar o acontecer da realidade social do ser humano, facéndoo case como un alquimista, convertendo sensacións, percepcións ou inquedanzas en obras de arte. Obxectos físicos nos que se calibra unha realidade non sempre feliz. As cinzas, os fragmentos, os espiños, os símbolos, os ocos... todo iso e moito máis é a iconografía relativa a unha sucesión de xeracións e circunstancias, de loitas que foron facendo de todos nós algo moito peor do que semellamos ser, poñendo ao propio ser humano contra as cordas nese baleiro da escuridade, nese horizonte de cinzas no que o futuro semella estoupar no presente, nunha concentración de forzas que todavía hoxe abraia pola súa contundencia así como pola súa vixencia.

Percorrer estas obras significa achegarse



**Aos cinco anos do pasamento de Leopoldo Nóvoa, unha exposición, comisariada por Rosario Sarmiento, asómase ao pintor dende o seu estudo, o lugar no que compuxo unha das traxectorias máis interesantes da plástica galega, e internacional.**

a ese retorno que tiña lugar cada verán, no que o artista ía acumulando unha longa traxectoria a un e outro lado do Atlántico, a carón de grandes artistas plásticos, pero tamén xunto aos escritores do boom latinoamericano, pero ao que non se pode entender sen esa introspección que se pode acadar nese espazo inzado pola natureza e ata por un ascetismo de tipo monástico que semella sobrevoar pola contorna, dende a fusión de néboas e sons de paxaros que compoñen un hábitat certamente singular que agromou nunha obra da que aquí temos moitos dos seus diferentes percorridos. Tamaños e técnicas distintas nas que latexa unha mesma alma, un xeito de entender a arte como parte dunha vida que vai máis alá da presenza física do seu creador. Cinco anos despois cada unha destas obras seguen sendo un berro do desacougo, a contención dun silencio que nunca se escoitou tanto sobre unha superficie pictórica como cando Leopoldo Nóvoa puxo mans en mente sobre ela, e o que tantas veces fixo no seu estudo de A Armenteira, alí onde nos espertamos dun soño.

## Carmencita, la paranormal

POR  
Nacho Mojón

**«En una sesión, a la bruja se le escapó que tendría un problema con una Violeta, y mi amiga se pasó meses buscando Violetas, y no paró hasta encabronarse con una del gimnasio».**



MI amiga Carmen le vuelven loca las terapias, y cuando más paranormales más le enganchan. Yo me agoto de discutir, pero no consigo nada. Con ella, me pongo muy racionalista, y con paciencia intento hacerle ver la poca base de lo que dice, y sobre todo lo caro que le sale el otro mundo. Ahora Carmencita se ha mudado al Mediterráneo y, si soy honesto, a mí me faltan esas mañanas de sábado, cocinando entre godellos y ella en la mesa de la cocina, poniéndome al día de los pronósticos, contándome como lo cuenta todo, con esa energía que, si uno se descuida, acaba creyéndola de pura

pasión que le pone. De hecho, deberían ser las pitonisas y sanadores quienes le pagasen a mi amiga, porque tiene tanto carisma que una vez que prueba algo y sale contenta, arrastra gente, como una 'influencer' del más allá.

Su bruja de cabecera se llama Paquita, una de esas echadoras de cartas con piso en el centro y lista de espera, una leyenda en mi ciudad. Nada más abrir la puerta, Carmen le avisa siempre de que solo le diga lo bueno, que nada de historias raras, que luego se obsesiona y va por la vida viendo peligros donde no los hay. En una sesión, a la bruja se le escapó que tendría un problema con una Violeta, y mi amiga se pasó meses buscando Violetas, y no paró hasta encabronarse con una del gimnasio.

Al final todo el interés de mi amiga en el futuro se reduce a los hombres, a los que quiere hacer desaparecer y a los que le gustaría ver aparecer. Sin embargo, en cosas de amores, Paquita es más de metáforas que de descripciones. Todos los que ve en sus cartas tienen algún rasgo vago y misterioso, como unas cejas enormes o una mirada turbia, algo que vale para un

rubio y para un moreno. Aunque Carmen echa en falta concreción, le gusta ese estilo que deja margen para la sorpresa. Paquita adora también echarle las cartas a Carmen porque dice que llega siempre con los conductos abiertos de par en par, y que así da gusto, porque también el cliente tiene que poner de su parte.

Hace poco me mandó una foto de un amuleto que se ha comprado por correo, una piedra verde como la que venden en las ferias medievales. Una bruja nueva se la ha aconsejado para protegerse contra los reptilianos, unas presencias malignas y extraterrestres en las que mi amiga no cree, aunque está engancheda a todos los vídeos de Youtube en los que aparecen rodeando a famosos como Beyoncé. Yo finjo que me irrita mucho por darle dinero a esos chiflados, pero en el fondo me da envidia y es que, si todo esto le pasa a ella, es porque Carmencita es fe pura, y nada de fe en dioses o moralinas, que eso ya lo dejó atrás hace mucho tiempo, fe en la gente que la saca del aburrimiento y que le hace creer que también lo increíble puede ser verdad.